

SGHN. Documento de posición

Canteiras e Minas

Se ben é unha necesidade para a obtención de materias primas, a minaría debe respectar uns mínimos que garantan a súa explotación coa conservación do medio natural e a saúde tanto humana como ambiental.

Ao non concorrer nos proxectos ningunha das consideracións establecidas no Artigo 6 da DC 92/45/CEE e no Artigo 45.6 da Ley 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, non se deberá autorizar a afección sobre:

- Hábitats de conservación prioritaria na UE (DC 92/43/CEE).
- Especies incluídas no Anexo II da Ley 42/2007 presentes na zona.
- As zonas da Rede Natura 2000 e as previstas para a súa ampliación.
- Nos proxectos deberían extremarse as medidas para evitar as afeccións sobre:
 - Os hábitats de interese comunitario (DC 92/43/CEE) e estudar alternativas para minimizalos canto sexa técnica e ambientalmente posible.
 - As especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemplar a adopción de medidas mitigadoras.
- Os proxectos deberán contemplar todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
- Nos plans de “recuperación” das zonas afectadas polos proxectos:
 - Debera contemplarse o aproveitamento das paredes verticais resultantes da extracción da pedra para practicar varios ocos, aproveitando as fendas da pedra, a unha distancia non inferior a 2 m da cota superior e distanciadas entre os ocos alomenos 10 m para favorecer a colonización de aves como *Corvus corax*, *Falco tinnunculus* e *Falco peregrinus*, especies que en Galicia aproveitan as paredes das canteiras abandonadas. Ao respecto debera contemplarse a información científica dispoñible: Castillo, I., Elorriaga, J., Zuberogoitia, I., Azkona, A., Hidalgo, S., Astorkia, L., Iraeta, A. e Rúa, F. (2008). Importancia de las canteras sobre las aves rupícolas y problemas derivados de su gestión. *Ardeola* 55, 103-110.
 - Para a restruturação das cuncas de extracción, deberá contemplar a conformación de cuncas pouco profundas (menores de 1 m) para a formación de charcas, especialmente se na zona se produce un nacente a consecuencia da abertura de fendeduras na rocha. Igualmente, cando se produza a nivelación do terreo, debera deixarse unha pendente non maior a 30° dende a beira ó centro da cunca. No caso de dificultades técnicas para conformar este tipo de cunca, non se debería deixar diferencias de nivel entre o fondo e a beira da cunca de máis de 1 m para favorecer o asentamento de vexetación hidrófila e a colonización natural de anfibios, xa que en caso contrario, co ciclo de desecación estival, estas cuncas actuarían de trampas para a fauna.
 - Baixo ningún concepto se incluírán especies vexetais alóctonas no proxecto de revesetación e se empregarán especies que teñan certificada a súa procedencia xenética en poboacións galaicas, ó obxecto de evitar a contaminación xenética das poboacións autóctonas.

Santiago, a 29 de decembro de dous mil dezanove.